



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura hispanoamericana: Narrativa e ensaio

Materia	Literatura hispanoamericana: Narrativa e ensaio			
Código	V01G160V01608			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Fariña Busto, Maria Jesús			
Profesorado	Fariña Busto, Maria Jesús			
Correo-e	mbusto@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Aproximación aos xéneros narrativo e ensaístico na historia literaria e cultural hispanoamericana.			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C2	Identificar, comprender e apreciar as principais contribucións das literaturas do español (en España e en América) e do galego, con especial sensibilidade para as literaturas emparentadas, como son as que corresponden ás linguas neolatinas e en particular a portuguesa
C4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
C7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
C9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
C11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
C12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
D1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
D3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.

D5 Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar, comprender e profundar nas principais contribucións da literatura hispanoamericana aos xéneros en prosa.	A1 A3 A4	C2	D1 D3
Afondar nos métodos de estudo e análise dos textos literarios.	A3	C4	D3 D5
Planificar, organizar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais orientados á maduración do pensamento crítico e á posta en práctica das convencións académicas.	A3 A4 A5	C9	D3
Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera (por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras) no ámbito da historia literaria hispanoamericana.	A3 A5	C11 C12	D3
Contribuir ó desenvolvemento das habilidades de aprendizaxe necesarias para interpretar calquera tipo de discurso cultural, así como para pensar sobre o mundo e a realidade cunha perspectiva crítica.	A2 A3 A4 A5	C7 C12	D3 D5

Contidos	
Tema	
1. A época colonial.	1.1. Unha brevísima reflexión sobre os xéneros en prosa até o século XIX.
2. O século XIX. Da independencia ao Modernismo.	2.1. A novela romántica: liñas e temas. 2.2. Modernismo: conto e ensaio.
3. O século XX.	3.1. Liñas narrativas no primeiro tercio do século. 3.2. Cara a unha nova narrativa. 3.3. A segunda metade do século: boom e postboom.
4. Os anos 90 do século XX e a primeira década do século XXI.	4.1. Aspectos significativos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	26	10	36
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Seminarios	4	4	8
Traballos de aula	14	6	20
Traballos tutelados	0	18	18
Titoría en grupo	2	2	4
Proxectos	0	22	22
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	0	20	20
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	20	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo alumnado.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas ou debates que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permitan afondar ou complementar contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Traballos de aula	O alumnado desenvolverá exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	De maneira individual ou en grupo, o alumnado elaborará un documento sobre temas da materia, ou ben preparará seminarios, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado para asesoramento e desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, así como debates en grupo sobre problemas ou cuestións concretas da materia.
Proxectos	En liñas xerais, trátase dunha actividade autónoma do alumnado que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, organización de materiais, redacción...

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da asignatura como sobre as diferentes cuestións relativas ó desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada.
Traballos tutelados	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da asignatura como sobre as diferentes cuestións relativas ó desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada.
Titoría en grupo	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da asignatura como sobre as diferentes cuestións relativas ó desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	O alumnado presenta o resultado obtido na elaboración de documentos sobre a temática da materia ou na preparación de seminarios, ensaios ou resumos de lecturas. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita.	15	A3 A5	C4 C9	D3 D5
Proxectos	O alumnado presentará o resultado obtido nos traballos ou proxectos propostos (recollida de información, manexo de bibliografía, resumos críticos, etc.).	20	A3 A4	C2 C4	D3 D5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. O alumnado debe desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos sobre a materia nunha resposta extensa.	35	A3 A5	C2 C4 C9 C11 C12	D3 D5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos. O alumnado debe dar resposta á actividade formulada aplicando os coñecementos teóricos e amosando a súa capacidade crítica e analítica.	30	A3	C2 C4 C9 C11	D3 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación da materia:

1. Avaliación continua (asistencia obrigatoria ás clases, 80%)

-A nota final da convocatoria de maio resultará da suma das cualificación dos traballos de aula, dos proxectos e dun exame que terá lugar na última semana das clases e que constará dunha proba práctica e probas de resposta longa. O valor, en porcentaxe, de traballos, proxectos e probas aparece na Guía ao lado da descrición das mesmas.

Tendo en conta que se trata dunha avaliación continua e que, polo tanto, ao final do cuadrimestre o alumnado terá que demostrar as competencias adquiridas, para facer media coa calificación de traballos e proxectos a nota do exame terá que alcanzar o aprobado.

Será requisito para aprobar cada unha destas actividades a correcta expresión oral e escrita, o que significa: uso pertinente dos signos de puntuación, corrección ortográfica, orde e claridade na exposición, rigor e redacción persoal (evitando, por suposto, nos traballos, a reprodución de palabras e ideas alleas sen indicar a súa procedencia).

-A nota da convocatoria de xullo resultará dun exame consistente en probas de resposta longa e probas prácticas. Os requisitos anteriores son igualmente procedentes nesta convocatoria.

2. Avaliación única

As alumnas e alumnos que non poidan asistir ás clases e, por isto, lles sexa imposible elixir o procedemento de avaliación continua, terán que realizar, ademais do exame, un traballo, os temas e prazos do cal a profesora lles indicará ao comezo do cuadrimestre. Por esta razón, é imprescindible que se pongan en contacto con ela nese momento.

Neste caso, o valor do traballo será do 30% e o do exame do 70%, sendo preciso aprobar este para sumar a nota do traballo. A data do exame será a mesma que a indicada para o alumnado de avaliación continua, é dicir, última semana das

clases.

Proceden neste caso, igualmente, para aprobar, os requisitos indicados a propósito da avaliación continua.

Bibliografía. Fontes de información

1. Lecturas obrigatorias:

Recomendacións

Outros comentarios

ALUMNADO ERASMUS: terá que posuír unha competencia oral e escrita do castelá, lingua da asignatura, que lle permita a lectura adecuada dos textos obrigatorios. Coas salvidades lóxicas, o nivel de esixencia será equivalente ao do alumnado propio.

TITORÍAS: o horario de titorías indicárase ao comezo do curso. Tanto as consultas no despacho como as realizadas por correo serán atendidas dentro dese horario.
